

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/32/2020	GOB14I0GT
60660Q0Z2B3Z5E3J15Y9	

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTECATRO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u> D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D^a JOSE OREONA BRA D/D^a JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><u>SR. INTERVENTOR ACCTAL:</u> D/D^a PABLO FREIJOMIL OJEA</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vintecatro de setembro de dous mil vinte, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
---	---

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local deulle a súa aprobación.

2 .- DAR CONTA DE ACEPTACION SUBVENCION PARA O PROXECTO "NARON, PRODUCTOS DA RIA" (GALP).- Dase conta da seguinte aceptación de subvención: A funcionaria de Asistencia á Secretaría, en data 10/09/2020, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ASI14I0JL que di:

TIPO DE DOCUMENTO	<i>Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local</i>
EXPEDIENTE	<i>ASI/28/2020: Subvención para o proxecto "Narón, produtos da ría"</i>
DESTINATARIO	<i>Alcaldía / Servizos Económicos</i>
ASUNTO	<i>Dar conta da aceptación de subvención</i>

Con data 03/09/2020 a Alcaldesa deste Concello ditou a resolución de código ASI14I0JD que di: “Con data 01 de setembro de 2020 a funcionaria responsable de Asistencia á Secretaría Xeral elevou a esta Alcaldía-Presidencia o informe-proposta que di:

“

<i>TIPO DE DOCUMENTO</i>	<i>Informe-Proposta Resolución</i>
<i>EXPEDIENTE</i>	<i>ASI/28/2020: Subvención para o proxecto “Narón, produtos da ría”</i>
<i>DESTINATARIO</i>	<i>Alcaldía / Servizos Económicos</i>
<i>ASUNTO</i>	<i>Aceptación de subvención</i>

Por resolución de código ASI14I06A e data 28/02/2020, a Alcaldesa-Presidenta deste Concello aprobou a solicitude, á Consellería do Mar, da subvención para o proxecto “Narón, produtos da ría”, por importe de 122.452,00 €, que supoñía o 100,00 % do orzamento estimado do proxecto segundo o plan de financiamento provisional que obra no expediente.

O pasado 28/08/2020 e a través da plataforma notifica.gal, a Consellería do Mar notificou a este Concello a concesión da seguinte subvención:

Importe total da operación	122.452,00 €		
Importe total subvencionable/ Porcentaxe de cofinanciamento	Importe subvencionable	% da Subvención	
	84.458,00 €	80%	
Importe privado	16.891,60 €		
Importe da subvención concedida (Público)	TOTAL	85% FEMP	15% Nacional
	67.566,40 €	57.431,44 €	10.134,96 €
Proxecto de cooperación (SI/NON)	NON		

Resultan de aplicación, para aceptar a subvención, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. No seu art. 10, esta lei indica que os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente. [...] En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento.

Neste caso, corresponde á Alcaldesa-Presidenta a avocación da delegación de aceptación de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á imposibilidade de tramitar a correspondente proposta nunha sesión ordinaria en prazo suficiente antes de que expire o prazo outorgado para a súa aceptación, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aceptación e do acto de avocación.

- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2020. Concretamente a base 52, apartado 2, sinala que a aceptación da concesión [...] deberá ser aprobada, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos para a habilitación do necesario, pola Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá ir



acompañada dunha copia do documento que acredite a súa concesión, do plan de financiamento definitivo e, no seu caso, da solicitude de iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por xeración. A tal efecto, quen subscribe elaborou o plan de financiamento adxunto de código ASI14I0J8.

Polo anteriormente exposto, quen subscribe eleva a Alcaldía-Presidencia a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Avocar, da Xunta de Goberno Local, a facultade de aceptación de subvención da convocatoria de referencia, polos motivos expostos nos fundamentos de dereito e dando conta a ese órgano do adoptado nese acordo.

SEGUNDO: Aprobar o seguinte plan de financiamento definitivo para a subvención do proxecto “Narón, produtos da ría”, de acordo co establecido no informe adxunto de código ASI14I0J8:

PROXECTO	“NARÓN, PRODUTOS DA RÍA”	
IMPORTE TOTAL	84.458,00 €	
FINANCIAMENTO EXTERNO (A)		
Entidade	Importe	
Xunta de Galicia	67.566,40 €	
Distribución por anualidades	2020	*13.068,00 €
	2021	**54.498,40 €
SUBTOTAL (A)		67.566,40 €
Porcentaxe de financiamento externo sobre o total do proxecto		80,00 %
ACHEGA MUNICIPAL (B)		
Aplicación orzamentaria	Importe	
4330 22799 (Promoción Económica – Outros traballos de Empresas e Profesionais)	2020	3.267,00 €
	2021	13.624,60 €
SUBTOTAL (B)		16.891,60 €
Porcentaxe de achega municipal sobre o total do proxecto		20,00 %
TOTAL FINANCIAMENTO (A+B)		84.458,00 €

TERCEIRO: Aceptar da Consellería do Mar a subvención para proxecto “Narón, produtos da ría”, por un importe de **67.566,40 €.**”

Visto dito informe e logo do informe de conformidade da Intervención deste Concello (documento adxunto de código INT14I0QP), esta Alcaldesa

RESOLVE

PRIMEIRO: Aprobar a proposta transcrita en todos os seus termos.

“En cumprimento do establecido no punto primeiro da resolución anterior, no tocante ás facultades avocadas, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:
Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución transcrita.

“Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código ICO14I0DG, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local da antedita resolución.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

3 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL POR AUGA, SANEAMENTO BAIXA, SANEAMENTO ALTA, DEPURACIÓN, CANON DE AUGA, ALUGUER DE CONTADOR E LIXO DO 3º TRIMESTRE DO ANO 2020.-

(...)

Primeiro: Aprobar o padrón de contribuintes por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao **3º trimestre do ano 2020**, cos seguintes importes:

AUGA:	419.561,31 €
SANEAMENTO BAIXA	244.559,88 €
SANEAMENTO ALTA	229.201,77 €
DEPURACIÓN	4.264,36 €
CANON DA AUGA	160.105,31 €
ALUGUER DE CONTADOR	9.030,20 €
IVE	91.678,86 €
LIXO	716.303,58 €

TOTAL 1.874.705,27 €

Segundo: Aprobar o padrón adicional de contribuintes por liquidacións (altas, baixas e outras liquidacións) por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración, canon de auga, aluguer de contador e lixo, desde o 16 de xuño de 2020 ata o 18 de setembro de 2020, cos seguintes importes:

AUGA	358,88 euros
SANEAMENTO BAIXA	211,21 euros
SANEAMENTO ALTA	238,22 euros
DEPURACION	-16,83 euros
CANON DE AUGA	33,42 euros
ALUGUER DE CONTADOR	8,64 euros
IVE	80,96 euros
LIXO	4.895,98 euros
TOTAL	5.810,48 euros

Terceiro.- De acordo co disposto no artigo 75 da ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección, os padróns serán expostos ao público durante un prazo de quince días, que se contarán a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP. O anuncio de publicación ten os efectos de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do RXR.

O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, e comprenderá dende o 02/10/2020 ata o 02/12/2020 ámbolos dous inclusive. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Cuarto: Durante o período de exposición pública os interesados poderán examinar os padróns e interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Alcaldía.

Quinto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do



Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Sexto: A falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa perante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Sétimo: Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedadas nas contas dos seus clientes o primeiro día do período impositivo.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

A ALCALDESA-PRESIDENTA



Asdo.- MARIÁN FERREIRO DÍAZ

O SECRETARIO XERAL



Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI